

1º de maio

Día do Internacionalismo Proletario

Máis un ano, chega o Día do Internacionalismo Proletario, chega o 1º de maio. Hai un ano alertabamos que Galiza é cada día que pasa moito máis pobre e vella. Ao desemprego, especialmente elevado entre a poboación máis nova, súmase un premeditado e constante ataque aos nosos dereitos laborais, que precarizan o emprego e limitan as axudas sociais.

A emigración fai que miles de mozas abandonen o país anualmente desde o comezo da crise do sistema, unha emigración con risco de permanencia; é dicir, moita dela ten poucas posibilidades de volver. A que decide ficar atópase unha realidade cada día máis empobrecida e con menos posibilidades de futuro.

Somos nós as que creamos a riqueza e as que movemos o mundo coas nosas propias mans. Somos nós, a clase obreira, as expulsadas e as precarizadas. Ás que nos obrigan a pagar unha débeda ilexítima que nos afoga. As que vendemos a nosa forza de traballo por salarios cada día máis miserentos. As que carecemos de poder para xerir os nosos recursos e decidir o noso propio futuro.

Por isto, desde Isca! queremos chamar á mobilización do conxunto da sociedade, e en particular da mocidade galega, contra o roubo e o saqueo. Por un modelo social xusto e equitativo; pola organización dunha resposta contundente contra os abusos da troika e a patronal; polo mantemento dos postos de traballo; contra a precariedade laboral e sobre todo por un futuro digno e na terra para a mocidade galega. Un futuro que debe pasar pola independencia e a plena soberanía como vía para sermos nós, como clase e como pobo, quen arbitremos o noso destino e construíamos un sistema alternativo ao servizo das clases populares, o socialismo.

Se a clase obreira todo o produce, a ela todo pertence!

rebatar

www.iscagz.org
info@iscagz.org



1º de maio

Día do Internacionalismo Proletario

Máis un ano, chega o Día do Internacionalismo Proletario, chega o 1º de maio. Hai un ano alertabamos que Galiza é cada día que pasa moito máis pobre e vella. Ao desemprego, especialmente elevado entre a poboación máis nova, súmase un premeditado e constante ataque aos nosos dereitos laborais, que precarizan o emprego e limitan as axudas sociais.

A emigración fai que miles de mozas abandonen o país anualmente desde o comezo da crise do sistema, unha emigración con risco de permanencia; é dicir, moita dela ten poucas posibilidades de volver. A que decide ficar atópase unha realidade cada día máis empobrecida e con menos posibilidades de futuro.

Somos nós as que creamos a riqueza e as que movemos o mundo coas nosas propias mans. Somos nós, a clase obreira, as expulsadas e as precarizadas. Ás que nos obrigan a pagar unha débeda ilexítima que nos afoga. As que vendemos a nosa forza de traballo por salarios cada día máis miserentos. As que carecemos de poder para xerir os nosos recursos e decidir o noso propio futuro.

Por isto, desde Isca! queremos chamar á mobilización do conxunto da sociedade, e en particular da mocidade galega, contra o roubo e o saqueo. Por un modelo social xusto e equitativo; pola organización dunha resposta contundente contra os abusos da troika e a patronal; polo mantemento dos postos de traballo; contra a precariedade laboral e sobre todo por un futuro digno e na terra para a mocidade galega. Un futuro que debe pasar pola independencia e a plena soberanía como vía para sermos nós, como clase e como pobo, quen arbitremos o noso destino e construíamos un sistema alternativo ao servizo das clases populares, o socialismo.

Se a clase obreira todo o produce, a ela todo pertence!

rebatar

www.iscagz.org
info@iscagz.org



Himno Galego


Que din os rumorosos
na costa verdecente,
ao raio transparente
do prácido luar?

Que din as altas copas
de escuro arume arpado
co seu ben compasado
monótono fungar?

Do teu verdor cinguido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros
e valeroso chan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
esperta do teu sono
Fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden
e con arroubo atenden
o noso rouco son,
mais só os iñorantes
e féridos e duros,
imbéciles e escuros
non nos entenden, non.

Os tempos son chegados
dos bardos das idades
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois, onde quer, xigante
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
Nazón de Breogán.



A Internacional

En pé os escravos da terra,
en pé os que non teñen pan;
a nosa razón forte berra,
o triunfo chega en volcán.

Crebemos o xugo do pasado,
pobo de servos, ergue xa,
que o mundo vai ser
transformado
e unha orde nova vai reinar.

Axuntémonos todos,
é a loita final,
o xénero humano
forma a Internacional. (x2)

Non hai salvadores supremos,
nin rei, nin tribuno, nin deus,
temos que salvarnos nós mesmos,
o Pobo Traballador.

Para que nos devolvan o roubado,
para derrubar esta prisión,
batamos no lume sagrado,
ferreiros dun mundo mellor.

Axuntémonos todos,
é a loita final,
o xénero humano
forma a Internacional. (x2)

folla
axitaliva
de **Isca!**

nº 52

rebater

www.iscagz.org
info@iscagz.org



Himno Galego


Que din os rumorosos
na costa verdecente,
ao raio transparente
do prácido luar?

Que din as altas copas
de escuro arume arpado
co seu ben compasado
monótono fungar?

Do teu verdor cinguido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros
e valeroso chan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
esperta do teu sono
Fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden
e con arroubo atenden
o noso rouco son,
mais só os iñorantes
e féridos e duros,
imbéciles e escuros
non nos entenden, non.

Os tempos son chegados
dos bardos das idades
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois, onde quer, xigante
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
Nazón de Breogán.



A Internacional

En pé os escravos da terra,
en pé os que non teñen pan;
a nosa razón forte berra,
o triunfo chega en volcán.

Crebemos o xugo do pasado,
pobo de servos, ergue xa,
que o mundo vai ser
transformado
e unha orde nova vai reinar.

Axuntémonos todos,
é a loita final,
o xénero humano
forma a Internacional. (x2)

Non hai salvadores supremos,
nin rei, nin tribuno, nin deus,
temos que salvarnos nós mesmos,
o Pobo Traballador.

Para que nos devolvan o roubado,
para derrubar esta prisión,
batamos no lume sagrado,
ferreiros dun mundo mellor.

Axuntémonos todos,
é a loita final,
o xénero humano
forma a Internacional. (x2)

folla
axitaliva
de **Isca!**

nº 52

rebater

www.iscagz.org
info@iscagz.org

